

A POESÍA GALEGA DE POSGUERRA : Grupos de poetas

O silencio que seguiu á sublevación do 36 rompeuno en Galicia **Aquilino Iglesia Alvariño**, coa publicación de *Cómaros verdes* (1947). A partir de aquí, a literatura galega experimentará un lento rexurdir. Aínda así, a censura trouxo como consecuencia que 3 xeracións de poetas se dean a coñecer no mesmo período, posto que os máis vellos deben gardar silencio ou escribir en castelán.

1. A XERACIÓN DO 36

Nesta primeira xeración de posguerra atopamos unha serie de poetas caracterizados por:

- Nados entre 1910 e 1920 e marcados pola Guerra Civil, a maioría proveñen da pequena burguesía e moitos non publican ata os anos 50 e 60.
- Inicialmente seguen á Xeración Nós e á do 25, pero pronto se distancian dos seus mestres.

As **direccións poéticas** que seguen son moi diversas:

a. **Neotrobadorismo**, movemento anterior á guerra, que continúa a súa tradición con **Álvaro Cunqueiro** (*Dona de corpo delgado*, 1950) e **Álvarez Blázquez**.

b. **Paisaxismo**, no que se fan evocacións da Galicia campesiña, coa paisaxe como protagonista. Destaca **Aquilino Iglesia** con *Cómaros verdes* (1947), onde a súa terra natal (Abadín) e Arousa son descritas cun vocabulario rico e preciso, salientando a dureza dos traballos dos labradores e a soidade humana. E **Xosé M^a Díaz Castro** (*Nimbos*, 1961), cunha paisaxe humanizada e tinguida de relixiosidade.

c. **Socialrealismo**; ten o seu principal representante en **Celso Emilio Ferreiro**. En *O soño sulagado* (1954) predomina o ton intimista e confesional, pero xa aparecen os primeiros poemas de crítica social. Con *Longa noite de pedra* (1962) acadou o cume da poesía social ao mostrarse solidario cos oprimidos de calquera latitude (universalismo) e denunciar o fascismo, a emigración, a inxustiza ou a guerra. Outras obras son *Viaxe ao país dos ananos* (1968), no que critica duramente os emigrantes explotadores, e *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), de corte intimista e amoroso.

d. **Intimismo**, continuador da tradición do século XIX, ten en **María Mariño** e as súas obras *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990, póstuma) a expresión máis radical e angustiada.

Ademais outros poetas e mesmo algúns dos citados seguen a tradición hilozoísta ou inauguran a liña clasicista dentro da poesía galega.

2. A PROMOCIÓN DE ENLACE

A segunda xeración de posguerra caracterízase por:

- Poetas nados entre 1920 e 1930, que tamén comezan a publicar nos anos 50.
- Comezan escribindo en castelán, coa influencia do 27 español.
- O ton intimista é unha característica común, aínda que con mundos persoais diferentes.

Os autores principais son: **Antón Tovar**, **Manuel Cuña Novás** (*Fabulario Novo*, 1952) e especialmente, **Luz Pozo Garza** (*O paxaro na boca*, 1952 e *Códice Calixtino*, 1986)

3. A XERACIÓN DOS 50 (ou das Festas Minervais)

A terceira xeración da poesía galega de posguerra ten en común:

- Son autores nados entre 1930 e 1940, que se educan na época máis dura da ditadura franquista e cursan estudos universitarios.
- Coinciden en Santiago arredor de tertulias, publicacións (La Noche), certames literarios e actos culturais e políticos.
- Seguen o existencialismo da esquerda francesa e a tradición republicana, laica e nacionalista galega.
- Moitos deles fundaron en Madrid o grupo “Brais Pinto”.

Autores e liñas poéticas

a. **Escola da Tebra**, que ten como antecedente a **Cuña Novás** e supón unha adaptación do surrealismo ao espazo cultural galego, cunha forte carga de acedume e anguria: **Manuel María** (*Muiñeiro de brétemas*, 1950), **Méndez Ferrín** (*Voce na néboa*, 1957).

b. **Socialrealismo**, presente xa en *Documentos persoais* (1958), de **Manuel María**, está influído pola obra de **C.E.Ferreiro** e representado por **Méndez Ferrín** (*Antoloxía popular*, 1972) e por poemas de **Xohana Torres** e **Uxío Novoneyra**. Os temas máis recorrentes son a emigración, a vindicación patriótica e o antiimperialismo.

c. **Paisaxismo**, presente en *Os eidos* (1955), de **Uxío Novoneyra**, obra na que a paisaxe está contemplada desde unha perspectiva case mística, de fusión coa natureza. Destaca o emprego de recursos lingüísticos simbólicos (o fonosimbolismo) que entroncan coa tradición popular galega.

Manuel María segue a liña paisaxística en *Terra Chá* (1954), no que canta á súa terra natal, mentres que **Bernardino Graña** recrea o mundo do mar desde unha actitude vitalista en *Profecía do mar* (1966).

Destacar por último a **Xohana Torres** (*Do sulco*, 1954; *Estacións ao mar*, 1980), **Salvador García Bodaño**. (*Tempo de Compostela*, 1978) e **Antón Avilés de Taramancos** (*Poemas da ausencia*, 1963; *Cantos caucanos*, 1985; *Última fuxida a Harar*, 1992), poeta a quen se lle adicou o día das Letras Galegas 2003.